PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36017430	IES Ricardo Mella	Vigo	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 4

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 9

4.1. Concrecións metodolóxicas 24

4.2. Materiais e recursos didácticos 26

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 27

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 27

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 30

6. Medidas de atención á diversidade 31

7.1. Concreción dos elementos transversais 33

7.2. Actividades complementarias 35

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 35

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 37

9. Outros apartados 38

1. Introdución

Neste curso de 3º de ESO preténdese mellorar, por unha banda, a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal; e, pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe. Esta proposta didáctica, baseada na Orde o 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, componse de nove unidades didácticas cuxos títulos seguen a ordenación/proposta do libro de texto empregado para este curso no IES Ricardo Mella: Lingua e Literatura 3º ESO (Xerais 2022). Os criterios de avaliación e os contidos seguen a ordenación/proposta do antedito libro de texto empregado, e distribuiranse en catro bloques.

- En primeiro lugar, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media (séc XII) e a literatura do Rexurdimento e finisecular (séc XIX).

- O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita (tipos de textos; adecuación/coherencia/cohesión) e a alfabetización informacional e mediática.

- O terceiro bloque, «Somos Lingua» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística (linguas románicas: o catalán e o portugués), na historia social da lingua (esplendor/decadencia), no proceso de normalización e no recoñecemento dos prexuízos lingüísticos..

- O cuarto e último bloque, «Coñecemos a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática, do léxico e da ortografía a través de procesos de indagación.

Ademais, en cada un dos trimestres ou avaliacións, o alumnado desenvolverá un traballo centrado nunha parte diferente da materia:

- No primeiro trimestre o traballo céntrase no bloque «Educación literaria», baixo a denominación «Cantigas de Tradición Oral» levarán a cabo un traballo de campo sobre algunha mostra de tradición oral cantada proposta polo docente, para despois realizar unha presentación oral individual de cada un dos traballos. Ademais, investigarán nas súas familias sobre algún tipo de tradición oral, para despois incluír nun traballo conxunto de recollida.

- Durante o segundo trimestre o alumnado desenvolverá o proxecto coa denominación «Falamos ao xeito», que se centrará no bloque de «Somos Lingua» a partir do estudo das diferentes microfalas ou subáreas lingüísticas que temos en Galicia e nos territorios fronteirizos. Novamente, o alumnado evará a cabo un traballo de campo sobre algunha área ou subárea proposta polo docente, para despois realizar un podcast radiofónico conxunto.

- Na terceira avaliación, o alumnado elaborará o traballo que leva por título «Somos de Monte», no que alumnado terá que peneirar información de campo sobre as zonas verdes da contorna do noso IES, para traballar despois a linguaxe e o texto xornalístico. Xa que este proxecto estará centrado no bloque «Comunicación», coa información obtida e para rematar o traballo, o alumnado terá despois que realizar e gravar un podcast radiofónico nun traballo colaborativo.

Alén disto, neste curso terase en conta tamén a celebración da Semana das Letras Galegas, dedicada este ano a Francisco Fernández del Riego..

Por outra parte, o alumnado terá a proposta dunha obra de lectura obrigatoria e dúas voluntarias para cada trimestre, seguindo os seguintes criterios de escolla:

- A inclusión de obras representativas do noso corpus literario.

- A inclusión de temáticas actualizadas e atractivas para o noso alumnado que promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (igualdade, dereitos humanos, benestar animal, conciencia ambiental...).

- A non repetición de temas nin de autor@s.

- Presenza de todos os xéneros: narrativa, poesía, teatro, ensaio divulgativo e cómic.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A cantiga de amigo	A primeira unidade comezará co contacto coa lírica medieval galega (cancioneiros,	11	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A cantiga de amigo	personaxes...), deténdose concretamente nas cantigas de amigo e as súas caracterísiticas. No ámbito da comunicación esta unidade achegarase ao texto narrativo e á adecuación textual, promovendo o traballo práctico co alumnado a partir das actividades do libro de texto. Por outra parte, no ámbito sociolingüístico abordaranse as diferentes familias lingüísticas, e incidirase nas linguas catalá e portuguesa. Ademais, no tocante ao coñecemento da lingua esta unidade centrarase en conceptos ortográficos (o alfabeto), morfolóxicos (lexemas, morfemas, creación e clases de palabras) ou semánticas (as relacións semánticas). Por outra parte, nas primeiras sesións desta unidade levarase a cabo a avaliación inicial.	11	11	X		
2	A cantiga de amor	Na unidade 2 continuarase coa lírica medieval galega , deténdose nesta ocasión nas cantigas de amore as súas caracterísiticas. No ámbito da comunicación esta unidade achegarase ao texto descritivo e á coherencia textual, promovendo o traballo práctico co alumnado a partir das actividades do libro de texto. Por outra parte, no ámbito sociolingüístico abordaranse a historia social da lingua, incidindo na e poca de esplendor da mesma (sécs. XII-XIII). Ademais, no tocante ao coñecemento da lingua esta unidade centrarase no sistema vocálico galego, no léxico da saúde e noutros aspectos gramaticais, como o substantivo ou a frase substantiva.	10	10	X		
3	A cantiga de escarnio e maldicir	A unidade 3 abrirase tocando o tema da cantiga de escarnio-maldicir, que servirá para relacionar o xénero coas nosas cantigas tradicionais, e máis concretamente coa arte da regueifa. Durante esta unidade, o alumnado recibirá tamén dous obradoiros por parte de especialistas na arte da regueifa, e porá en práctica o aprendido nun certame final. O traballo do alumnado consistirá na realización dunha investigación individual sobre diferentes cantos galegos, que terá como froito dous produtos: unha exposición oral e unha produción escrita. Por outra parte, esta unidade achegarase ao texto xornalístico da noticia e á coherencia textual, e abordaranse os conceptos de bilingüísmo e diglosia.	13	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A cantiga de escarnio e maldicir	Ademais, esta unidade centrarase no sistema consonántico galego, no léxico do tempo metereolóxico e noutros aspectos, como o adxectivo ou a frase adxectiva.	13	14	X		
4	Os Séculos Escuros	Coa unidade 4, iniciarase o segundo trimestre co achegaemento ao desenvolvemento social e cultural do galego durante os Séculos Escuros, para facer un repaso das obras e autores que podemos rescatar desta época, centrándonos na figura do Padre Sarmiento. No ámbito da comunicación esta unidade achegarase ao texto xornalístico da reportaxe e á propiedade da cohesión textual, promovendo o traballo práctico co alumnado a partir das actividades do libro de texto. Por outra parte, no tocante ao coñecemento da lingua esta unidade centrarase nos grupos consonánticos, no léxico da árbores e noutros aspectos gramaticais, como os determinantes (morfoloxía e funcións).	10	10		X	
5	Rosalía de Castro	Nesta unidade 5 o alumnado achegarase as características do século XIX para adentrarnos na etapa de dignificación da nosa lingua e cultura, coñecida como Rexurdimento; centrándonos na figura de Rosalía de Castro. No ámbito da comunicación esta unidade achegarase ao diálogo e a aspectos da coherencia textual, promovendo o traballo práctico co alumnado a partir das actividades do libro de texto. Por outra parte, no tocante ao coñecemento da lingua esta unidade centrarase no contacto vocálico (ditongo, tritongo e hiato), no léxico do libro e a biblioteca, e noutros aspectos gramaticais, como o pronome persoal (colocación do pronome átono; te/che; etc). Por último dedicaremos tamén a unidade ao traballo coa obra de lectura no que buscaremos que o alumnado ademais de realizar unha lectura atenta sexa quen de que realizar unha análise crítica daquilo que le e de relacionalo tanto cos seus coñecementos literarios como coa súa propia experiencia.	11	11		X	
6	Manuel Curros Enríquez	Dedicarase a unidade 6 á elaboración do proxecto nº 2 do curso, neste caso a un	12	14		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Manuel Curros Enríquez	traballo que consistirá na realización dunha investigación individual sobre as diferentes microfalas ou subáreas lingüísticas que temos en Galicia e nos territorios fronteirizos, que terá como froito dous produtos: unha exposición oral e unha produción escrita. Ademais, esta unidade centrarase na figura de Curros Enríquez e a súa poesía social, que servirá de nexo coa poesía de hoxe en día. No ámbito da comunicación esta unidade achegarase as textos formalizados e a aspectos da coherencia textual, promovendo o traballo práctico co alumnado a partir das actividades do libro de texto. Por outra parte, no tocante ao coñecemento da lingua esta unidade centrarase na acentuación (regras xerais), no léxico das novas tecnoloxías, e noutros aspectos gramaticais, como o verbo (morfoloxía e funcións).	12	14		X	
7	Eduardo Pondal	A unidade 7 iniciarase centrándose na obra de Eduardo Pondal, punto de partida para facer un achegamento aos símbolos de Galicia (escudo, bandeira e himno). No ámbito da comunicación esta unidade achegarase á entrevista e aos conectores textuais, promovendo o traballo práctico co alumnado a partir das actividades do libro de texto. Por outra parte, no ámbito sociolingüístico abordaranse o tema da normalización lingüística, mentres que, no tocante ao coñecemento da lingua, esta unidade centrarase no acento diacrítico, no léxico do mar e noutros aspectos gramaticais, como as formas nominais do verbo e as perífrases verbais.	11	11			X
8	A poesía de finais do século XX	Na oitava unidade continuarase coa poesía de finais do século XX e as súas obras e autoras máis representativas. No ámbito da comunicación esta unidade achegarase á banda deseñada e aos conectores textuais, promovendo o traballo práctico co alumnado a partir das actividades do libro de texto. Por outra parte, no ámbito sociolingüístico abordaranse o tema da variación social, mentres que, no tocante ao coñecemento da lingua, esta unidade centrarase no diérese e no apóstrofo, no léxico dos sentidos e a acción, e noutros aspectos gramaticais, como as preposicións e os	10	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A poesía de finais do século XX	adverbios.	10	10			X
9	A prosa e o teatro de finais do século XX	Nesta unidade chega o traballo nº 3 que ten como obxectivo a realización dunha serie de podcasts, relacionados cos montes da contorna e a súa especial protección. Para comezar tocarase o tema da prosa e o teatro de finais de século XIX, atendendo ás obras máis relevantes. No ámbito da comunicación esta unidade achegarase ao texto informativo e á linguaxe non sexista, promovendo o traballo práctico co alumnado a partir das actividades do libro de texto. Por outra parte, no ámbito sociolingüístico abordarase o contacto entre linguas. No que atinxe ao coñecemento da lingua, esta unidade centrarase no uso de maiúsculas, no léxico do lecer e as vacacións, e noutros aspectos gramaticais, como conxuncións e interxeccións. Nesta unidade inclúese tamén a celebración da Semana das Letras Galegas, dedicada a Francisco Fernández del Riego. Desde este curso tentaremos participar no concurso do Vello dos Contos, e realizar un podcast ou un documento audiovisual coa temática do homenaxeado.	12	14			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A cantiga de amigo	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	O alumnado, como mínimo, sabe explicar a historia da nosa lingua, a parte diferencial da historia da lingua portuguesa	PE	70
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	O alumnado, como mínimo, identifica nun texto as características máis básicas dun texto en catalán.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, identifica as características do texto narrativo		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, analiza e comprende unha cantiga de amigo, sinalando as súas caraterísticas esenciais		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado, como mínimo, terá que realizar un microrrelato coas caraterísticas propias dese subxénero narrativo.	TI	30
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo sabe explicar as características que diferencian a lingua oral e a lingua escrita valéndose de exemplificacións propias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade. - Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpreta-ción das obras literarias.

Contidos
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	A cantiga de amor	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	O alumnado, como mínimo, identifica en textos as diferenzas entre ambas linguas e coñece léxico básico portugués.	PE	70
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, identifica as características do texto descritivo		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora, analiza e comprende unha cantiga de amor, sinalando as súas caraterísticas esenciais		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, como mínimo, entrega o microrrelato co corrector pasado e sen erros propios da escrita manual.	TI	30
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado, como mínimo, terá que realizar varias coplas de regueifa coas caraterísticas propias dese subxénero poético oral.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo, pronuncia ben os difernetes fonemas vocálicosda lingua e sábeos diferenciar na cadea falada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpreta-ción das obras literarias. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifes-tacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropia-ción e oralización implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das pala-bras, compoñentes das oracións ou conexió

UD	Título da UD	Duración
3	A cantiga de escarnio e maldicir	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, identifica as características do texto xornalístico da noticia, valorando criticamente os textos analizados.	PE	70
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora, analiza e comprende o variado grupo das cantigas de escarnio e maldicir, ademais do grupo de cantigas relixiosas, sinalando as súas caraterísticas esenciais.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo, emprega o léxico aprendido na unidade, e pronuncia e recoñece os fonemas consonánticos da lingua		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado, como mínimo, realiza un traballo de investigación sobre un canto tradicional galega en formato de presentación dixital	TI	30
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, expón o traballo de avaliación baixo unhas rúbricas entregadas previamente.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado, como mínimo, planifica correctamente o texto do traballo de avaliación		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado, como mínimo, fai uso sustentable e saudable na procura de información, e reflexiona sobre a manipulación informativa		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, como mínimo, entrega o traballo de avaliación con corrección lingüística e emprega os recursos de autocorreción.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísti-cos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da informa-ción relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Va-loración da forma e do contido do tex - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramati-cal e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos bási-cos. A aposición. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpreta-ción das obras literarias. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das pala-bras, compoñentes das oracións ou conexió

UD	Título da UD	Duración
4	Os Séculos Escuros	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, identifica as características do texto xornalístico da reportaxe, valorando criticamente os textos analizados.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora, analiza e comprende os textos da época dos Séculos Escuros, sinalando as súas caraterísticas esenciais.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo, emprega correctamente os grupos consonánticos		
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, como mínimo, localiza posibles manipulacións informativas en reportaxes tiradas de diferentes medios.	TI	30
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, tras a obra de lectura indicada realiza unha análise correcta		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado, como mínimo, le textos escollidos autonomamente e deixa constancia na aula virtual		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, pode explicar oralmente nun galego correcto a interpretación da obra lida na anterior avaliación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos

Contidos
- artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpreta-ción das obras literarias. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lec-turas que promovan a defensa do - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
5	Rosalía de Castro	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumnado, como mínimo, identifica e cuestiona prexuízos lingüísticos presentes no noso día a día	PE	70
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, identifica as características do diálogo.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora, analiza e comprende os textos da época do Prerrexurdimento e dos comezos do Rexurdimento (Rosalía de Castro), sinalando as súas caraterísticas esenciais.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo, coloca con correción o pronome átono e diferencia o uso de te/che.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, como mínimo, organiza e participa nun debate emantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística	TI	30
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	O alumnado, como mínimo, emprega o diálogo para a resolución de diferentes conflitos presentados		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e/ou culturais en canto á súa temática ou forma		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado, como mínimo, localiza e explica as intencionalidades específicas da poesía de Rosalía de Castro		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos texto - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmar-cando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpreta-ción das obras literarias. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropia-ción e oralización implicados.

Contidos
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e intersecciónes entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
6	Manuel Curros Enríquez	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, identifica as características dos textos formalizados como unha acta, un formulario, un currículo...	PE	70
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora, analiza e comprende os textos da época do Rexurdimento (Curros Enríquez), sinalando as súas caraterísticas esenciais.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo, recoñece e emprega con correción verbos regulares e irregulares		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado, como mínimo, entrega un traballo sobre as diferentes microfalas ou subáreas lingüísticas	TI	30
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, expón o traballo de avaliación das diferentes microfalas ou subáreas lingüísticas baixo unhas rúbricas entregadas previamente.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado, como mínimo, planifica correctamente o texto do traballo de avaliación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, como mínimo, revisa o traballo de avaliación entragado atendendo á corrección lingüística e empregando os recursos precisos (corrector, dicionarios...).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, cali-dade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpreta-ción das obras literarias. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropia-ción e oralización implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
7	Eduardo Pondal	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, identifica as características do texto xornalístico da noticia, valorando criticamente os textos analizados.	PE	70
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora, analiza e comprende os textos da época do Rexurdimento (Eduardo Pondal), sinalando as súas caraterísticas esenciais.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, pon en relación a obra de Eduardo Pondal coa xeración poética do Rexurdimento e cos símbolos de Galicia		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo, emprega con corrección o infinitivo flexionado e recoñece e incorpora as perífrases verbais. Ademais incorpora o léxico do mar con correción		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, tras a obra de lectura indicada realiza unha análise correcta	TI	30
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado, como mínimo, le textos escollidos autonomamente e deixa constancia na aula virtual dos seus criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...). - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de

Contidos
- subxuntivo. Contextos de uso. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpreta-ción das obras literarias. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropia-ción e oralización implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
8	A poesía de finais do século XX	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado comprende e valora textos pertencentes ás diferentes variedades sociais da lingua, recoñecendo as súas características	PE	70
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, identifica as características da banda deseñada		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora, analiza e comprende os textos poéticos da época do Post- Rexurdimento (fin do século XIX), sinalando as súas caraterísticas esenciais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo, emprega con corrección a diérese e o apóstrofo; e recoñece e sabe utilizar as preposicións e unha parte considerable de adverbios.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado, como mínimo, comparte na aula virtual a experiencia da lectura relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural	TI	30
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado, como mínimo, é quen de transformar enunciados incorrectos en correctosa, realizando buscas concretas e empregando corectamnente dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incor-poración progresiva da metalinguaxe específica. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpreta-ción das obras literarias. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e intersecções entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
9	A prosa e o teatro de finais do século XX	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumnado, como mínimo, identifica e cuestiona prexuízos lingüísticos presentes nas linguas en contacto.	PE	70
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, identifica as características do texto informativo		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora, analiza e comprende os textos narrrativos e draméticos da época do Post-Rexurdimento (fin do século XIX), sinalando as súas caraterísticas esenciais.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo, comprende e usa con correción as diferentes conxuncións e identifica o tipo de oracións que introducen.		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado, como mínimo, participa activamente na realización dun podcast radiofónico, tanto na elaboración do guión como na gravación e locución do programa.	TI	30
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, entrega a súa parte do traballo radiofónico colaborativo con correción, incidindo en factores como a coherencia, e cohesión, e coa adecuación pertinente ás indicacións dadas previamente.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado, como mínimo, analiza e distingue os usos discriminatorios da lingua e é capaz de eliminalos do texto e do discurso		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpreta-ción das obras literarias. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

4.1. Concrecións metodolóxicas

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

A escola debe ser capaz de desenvolver saberes sólidos, posto que só é posible pensar e actuar sobre aquilo que coñecemos a fondo, pero tamén ten que ser capaz de educar persoas que convertan o coñecemento en acción e que posúan sólidas habilidades sociais e morais. Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante. O docente pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumnado adquire un maior grao de protagonismo. O alumnado é o centro da súa propia aprendizaxe: faise preguntas, infórmase, participa, aprende a controlar a súa evolución, emprende proxectos¿ A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais:

- A consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo.
- O desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas.

Neste proceso é necesario:

Adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes. Isto farase combinando actividades sinxelas e tarefas de maior complexidade, excelentes para desenvolver as competencias, ensinarlles a pensar aos alumnos, resolver problemas e situación reais e desenvolver o pensamento creativo.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe. Para alcanzar isto procuraremos unha atención personalizada en función das necesidades de cada un. Así poranse en marcha mecanismos de reforzo.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas

facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás próximas aos alumnos.

Os seguintes principios impregnarán metodoloxicamente a presente programación:

a) A interactuación en diferentes ámbitos sociais ou persoais que nos permitirán o coñecemento e interiorización dos procedementos imprescindibles para a abordaxe das distintas situacións de comunicación.
b) A consideración do erro como oportunidade de aprendizaxe, posibilidade de mellora ou como punto de partida para a creación.
c) A experiencia vital da literatura como fonte de pracer, desde os niveis máis básicos de comprensión ata a recreación ou expresión literaria autónoma.
d) A metodoloxía socio-afectiva buscando a empatía no descubrimento de argumentos razoados na defensa das propias convicciónns, ou mesmo as contrarias, utilizando o poder da razón fronte a calquera outra posibilidade.
e) O aproveitamento da experiencia do día a día para vivenciar uns valores compartidos, un ¿aprender a ser e a estar¿ que resultará idóneo para a observación de comportamentos, actitudes e á aproximación aos problemas, buscando a resolución pacífica dos conflitos.
f) A valoración e estima da lingua de Galicia e a súa utilización normalizada.
g) O respecto pola diversidade lingüística.

METODOLOXÍA NA AULA

Para lograr os nosos obxectivos de etapa e competencias clave seguiremos estes principios e estratexias metodolóxicas na aula:

Motivación, xerar curiosidade e necesidade de aprender é vital na educación. Mais é unha tarefa complicada debido aos diferentes perfiles de alumnado. O máis efectivo, debido a etapa evolutiva do noso alumnado, será deixar liberdade de creación e actuación. Por unha banda, o xogo segue sendo unha parte innata da súa vida, polo que, o enfoque lúdico será un aspecto decisivo da motivación con exercicios como o Plickers (gamificación) ou grupo de investigación ou estratexias de aprendizaxe cooperativo (como lectura compartida ou a folla xiratoria)

Partir da competencia inicial do alumnado, tomando como referencia a aprendizaxe significativa de Ausbel e o constructivismo de Piaget, sabermos cales son os coñecementos previos do noso alumnado axudará a asentar mellor as bases dos novos conceptos e procedementos. Para isto empregaremos actividades iniciais como a chuvia de ideas, mapas conceptuais, lapis ao centro, lecturas compartidas, o grupo nominal, entre outros.

Respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe, para responder correctamente a esta diversidade na aula, imos empregar entre outras cousas a Teoría das intelixencias múltiples de Gardner. Así, a escolla das actividades terá en conta esta teoría: debates, lecturas orais, exposicións, libros, comentarios de texto (Inteligencia lingüístico-verbal); investigacións, aplicacións de métodos, resolución de problemas abstractos (lóxico-matemática); mapas conceptuais, esquemas, vídeos, presentacións (intelixencia visual-espacial); actividades en colaboración co departamento de música sobre todo na literatura medieval ou busca de métrica e ritmo de poemas (intelixencia musical); o proxecto ¿A acción teatral¿ con varias simulacións e representacións, ver unha obra teatral (Inteligencia corporal-cinestésica); autonomía de planificación, traballo individual, autoavaliacións (Intelixencia intrapersoal); traballo en grupo ou por parellas, actividades colectivas (intelixencia interpersoal); roteiros, investigación e exploracións (intelixencia naturalista).

Potenciar as metodoloxías activas e participativas, o protagonista da acción educativa é o alumnado. Sobre todo seguindo o enfoque comunicativo no que o importante é aprenderempregando a lingua. Todo isto supón tamén que o papel do docente sexa de facilitador, guía ou orientador cara a consecución da aprendizaxe.

Combinar o traballo individual e o cooperativo, para dar resposta a todas as intelixencias debemos traballar cada un dos aspectos por separado. Tanto o traballo individual, por exemplo con actividades de creación literaria, como o cooperativo, con actividades de investigación colectiva.

Aprendizaxe por proxectos, fomentarán o traballo en equipo, a planificación, a creatividade, o pensamento crítico, a expresión oral e escrita, entre outros aspectos.

Tarefas integradas, as nosas actividades intentan traballar de xeito integrado todas as competencias, Sobre todo as actividades centradas en grupos de investigación conxugan dentro de si contidos de todos os bloques do currículo.

Uso habitual das TIC e das TAC, como medio para conseguir os obxectivos educativos e desenvolver as competencias. Empregaranse nas exposicións docentes e do alumnado, para a busca de información, para compartir información tanto entre eles como co docente como con outros institutos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Lingua e Literatua 3 ESO (XERAIS) ISBN: 978-84-9121-870-8
Libro de texto electrónico: empregarase asemade este recurso en momentos en que sexa necesario.
Aula virtual do centro: consultaremos os recursos e os traballs realizados na aula virtual do curso.
Documentos audiovisuais (Departamento LG): poderanse empregar documentos audiovisuais ou doutro tipo (xogos, mapas...) dotados polo Departamento de Lingua Galega.
Recursos en rede: poderanse empregar diferentes webs relacionadas coa materia (dicionarios en liña, prensa dixital, vídeos de diferente tipo)
Biblioteca do centro: empregarase a Biblioteca en diferentes sesións para a realización de lecturas ou outras actividades, como o proceso de busca e de petición de exemplares.
Libros de lectura obrigatoria

Será de uso diario o libro de texto na aula, ben para realizar lecturas ou ben para ir vendo novos contidos; ou tamén o libro de texto electrónico en momentos en que sexa necesario. Ademais, empregaranse os recursos fotocopiables das Propostas didácticas da editorial Xerais, que recollen lecturas complementarias, actividades de repaso e afondamento, avaliación de contidos e avaliación de competencias; xunto con cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita. Asemade consultaremos os recursos da aula virtual do curso e poderanse empregar diferentes documentos audiovisuais ou doutro tipo (xogos, mapas...), ben propiedade do Departamento ou recursos en liña. Por outra banda, utilizaremos os dicionarios tanto tradicionais como virtuais e páxinas web interactivas e repositorio Abalar. A maiores, empregaremos aquelas actividades, power point, follas, tarefas elaborados polo propio profesorado. Para rematar, a Biblioteca do centro será de uso cotiá pois empregarase en diferentes ocasións, como en sesións para a realización de lecturas ou noutras actividades, como o proceso de busca e de petición de exemplares.

En canto aos libros de lectura obrigatoria e voluntaria, serán indicados pola docente cada trimestre. O profesorado achegaralles unha listaxe ampla aos alumnos ao principio de curso para que escollan, en cada trimestre, un libro voluntario que se examinará mediante un exame oral ou escrito. O libro de lectura obrigatoria será indicado en cada trimestre polo profesorado correspondente.

LECTURAS 3º ESO 2022-2023

Obrigatorios:
O corazón de Xúpiter, Ledicia Costas
O centro do labirinto, de Agustín Fernández Paz
O que sei do silencio, de Andrea Maceiras

Voluntarios:
- A chave das noces, de Xavier P. Docampo; A expedición do pacífico; de Marilar Aleixandre;
- Os corpos invisibles; de Emma Pedreira ; As flores radioctivas, de Agustín Fernández Paz
-22 segundos, de Eva Mejuto ; María Solar; O grupo, de An Alfaya;

Libro de texto: Lingua e Literatua 3 ESO (XERAIS) ISBN: 978-84-9121-870-8
Libro de texto electrónico: empregarase asemade este recurso en momentos en que sexa necesario.
Aula virtual do centro: consultaremos os recursos e os traballs realizados na aula virtual do curso.
Documentos audiovisuais (Departamento LG): poderanse empregar documentos audiovisuais ou doutro tipo (xogos,

mapas...) dotados polo Departamento de Lingua Galega.
Recursos en rede: poderanse empregar diferentes webs relacionadas coa materia (dicionarios en liña, prensa dixital, vídeos de diferente tipo)
Biblioteca do centro: empregarase a Biblioteca en diferentes sesións para a realización de lecturas ou outras actividades, como o proceso de busca e de petición de exemplares.
Libros de lectura obrigatoria

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico, etc. constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, a preguntas sobre o seu contido.

- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.

- Produción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

- Produción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Á parte disto, a proba incluirá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior.

Se fose posible, poderíase pasar un test sociométrico cuxos resultados nos servirán á hora de facer os agrupamentos para as diferentes actividades do curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**11**	**10**	**13**	**10**	**11**	**12**	**11**	**10**	**12**	**100**
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70	**70**
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30	**30**

Criterios de cualificación:

Os procedementos e criterios que se empregarán para levar a cabo a avaliación son os seguintes:

AVALIACIÓN TRIMESTRAL

a) Valoración do proceso individual a través do traballo e do uso oral da lingua.

Faremos unha observación e valoraremos positivamente:

a.1.- Traballo: (10% da nota total da avaliación).

-Seguimento das instrucións dadas polo docente.
-Aproveitamento diario da clase.
-Realización de deberes.
-Realización e presentación de calquera traballo ou actividade en tempo e forma.
-Autonomía e iniciativa persoal á hora de realizar unha actividade e resolver dúbidas.

Este apartado será avaliado a través do caderno docente, rúbricas e escalas de observación.

a.2.- Oralidade: (20% da nota total da avaliación).

-Utilización do galego nas intervencións orais espontáneas e planificadas .
-Esforzo por mellorar a pronuncia e as estruturas gramaticais, así como a adquisición de novo vocabulario.
-Ser quen de elaborar un discurso oral completo e adecuado ao nivel educativo.
-Rexeitamento de prexuízos.
-Respectar a quenda de palabra.
-Ser respectuoso coas opinións e comentarios dos compañeiros.

Será avaliado mediante rúbricas, escalas de observación e o caderno docente.

b) Valoración do progreso individual a través de probas escritas (70% da nota total da avaliación).

Ao longo de cada trimestre realizaranse un mínimo de dúas probas escritas que recollerán preguntas nas que o alumnado terá que demostrar os coñecementos aprendidos no proceso de aprendizaxe. A nota media destas probas sumará á nota trimestral un 70% e as preguntas e exercicios que aparezan neses exames levarán ao seu carón a puntuación correspondente.

Durante o proceso de ensino-aprendizaxe de cada trimestre, o alumnado disporá dun libro de lectura obrigatorio do que terán que demostrar a súa comprensión global a través dunha proba oral ou escrita ou dun traballo determinado polo docente. Desta proba valorarase:

- Contido: as respostas deben contestar de forma clara ao que se pide, sen lagoas nin información incompleta. Tamén se poderá avaliar a opinión crítica de calquera aspecto relacionado con ese libro.
- Expresión oral/escrita: valoraranse as contestacións que respecten a adecuación, coherencia e cohesión.
- Ortografía: esta debe seguir as normas ortográficas vixentes.

Se da corrección desa proba se deduce que o libro non foi lido por ese alumno, ese exame non sumará nada á nota desa avaliación aínda que haxa algunha pregunta ou apartado contestado correctamente.

c)Lectura voluntaria de até dous libros (sumará 0,5 puntos á nota media desa avaliación).

A comprobación da lectura do mesmo será a través dun exame oral ou escrito.

A continuación amosamos as porcentaxes comentadas con anterioridade:

PROBAS ESCRITAS 70 %
TRABALLO 10 %
ORALIDADE 20 %

LIBRO DE LECTURA VOLUNTARIA 0,5 puntos x 2

En canto á nota das avaliacións farase un redondeo a partir do 4,5 se o alumnado ten feitas todas as tarefas do curso mandadas en cada avaliación.
En relación ao alumnado que se detecte copiando nun exame ou traballo obterá como calificación un 0 nese exame, proba, traballo ou actividade. Por outra banda, de non asistir a unha proba ou exame de ter xustificada a falta repetirase esa proba nun data acordada co docente; de non ter esa xustificación non se procederá a súa repetición.

AVALIACIÓN FINAL
Segundo a ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia; a terceira avaliación e a avaliación final coincidiran no tempo marcada polo centro ao final de xuño.
Así, antes da data destas avaliacións o profesorado organizará as distintas probas de recuperación de cada alumnado. Se a media dos tres trimestres ten unha calificación positiva de 5 ou máis e a consecución positiva dos estándares mínimos, obterá tamén a calificación positiva na avaliación final sen necesidade de realizar unha proba de recuperación. O alumnado que adquira unha cualificación negativa deberá acudir á recuperación final; nesta haberá unha proba escrita para quen deba recuperar toda a materia, e, ademais, tres probas diferentes para cada un dos trimestres para que aquelas persoas que obtivesen cualificación negativa nun ou dous deles non teñan que volver avaliarse dos tres.
Por outra banda, a nota da avaliación final calcularase realizando a media real das cualificacións obtidas nas tres avaliacións parciais (sen redondear); unha vez realizada a media destas, volverá aplicarse a fórmula do redondeo (se ten todas as tarefas mandadas durante o curso) e acharase así a cualificación final da materia.

OUTRAS ESPECIFICACIÓNS

- Nas diferentes probas escritas que se realicen ao longo do curso tamén se terá en conta a corrección lingüística, polo que sobre a cualificación dos exames se poderá restar ata un máximo de 2 puntos por erros, que descontarán do seguinte xeito: 0,2 polas faltas moi graves (colocación do pronome átono ao comezo de oración, reescribir mal palabras que aparezan nos enunciados, uso de tempos verbais compostos) e 0,1 polas menos graves (emprego de grafías alleas ao galego como y ou j, confusións entre b, v, h, s, x, erros de acentuación, uso inadecuado de maiúsculas e minúsculas).

- Só se repetirá un exame ante unha causa debida e documentalmente xustificada. Se a falta de asistencia non é xustificable, a cualificación que se lle outorgará a esa proba para establecer a nota media será cero.

- Aquel alumno ou alumna ao que se sorprenda copiando nun exame será cualificado cun cero na devandita proba.

Criterios de recuperación:

O alumnado que adquira unha cualificación negativa deberá acudir á recuperación final antes da avaliación final; nesta haberá unha proba escrita para quen deba recuperar toda a materia, e, ademais, tres probas diferentes para cada un dos trimestres para que aquelas persoas que obtivesen cualificación negativa nun ou dous deles non teñan que volver avaliarse dos tres.
A cualificación final do alumnado que teña que recuperar unha ou dúas avaliacións consistirá na media aritmética das

tres avaliacións parciais, substituíndo a cualificación da avaliación ou avaliacións parciais non superadas durante o curso pola(s) cualificación(s) obtida(s) na recuperación. Se a cualificación final obtida a partir do procedemento explicado é inferior á cualificación final provisoria, quedará esta cualificación provisoria como cualificación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O profesorado do curso actual elaborará un plan de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. A avaliación será repartida entre unhas actividades marcadas polo profesor/a correspondente (que suporán o 30% da nota) e unha proba escrita (que suporá o 70% da nota) por trimestre. O resultado da avaliación final ordinaria será a resultante da media das tres avaliacións. O alumnado aprobará cando a súa nota sexa 5 ou superior. Esas probas consistirán nunha proba escrita sobre os contidos mínimos da materia pendente e o libro de texto que se toma como referencia é o que se empregou o pasado curso. Só se considerará superada a materia se a nota obtida na proba é igual ou superior a 5 puntos.

Xa que logo, o profesorado da materia fará entrega ao comezo de curso un Plan de Recuperación da materia pendente, que consisitirá no seguinte:

- A realización dunha proba escrita en cada avaliación (70% da nota)
- A realización dun caderno de actividades sobre os contidos da materia pendente en cada avaliación, que será entregado ao profesorado uns días antes da antedita proba escrita (30% da nota)

En relación ao alumnado que se detecte copiando nun exame ou traballo obterá como calificación un 0 nese exame, proba, traballo ou actividade. Por outra banda, de non asistir a unha proba ou exame de ter xustificada a falta repetirase esa proba nun data acordada co docente; de non ter esa xustificación non se procederá a súa repetición.

MATERIA PENDENTE DE 3º ESO LINGUA GALEGA (CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES)

Comunicación

-Os medios de comunicación escritos: os xornais e outras publicacións periódicas.
-Análise das seccións e dos xéneros periodísticos.

Lingua e sociedade

-Historia interna da lingua: orixe do galego e a súa evolución.
-A normalización e a normativización lingüística do galego.

Estudo da lingua

-Repaso das regras básicas de acentuación e de puntuación. A acentuación diacrítica, das palabras compostas, da interrogación e da exclamación.
-Clases de palabras: substantivo (flexión de xénero e número, tipos de substantivos), adxectivo (determinantes), pronome, verbo (estructura, distinción regular / irregular, formas non persoais, perífrases), adverbio, preposición, conxunción e interxección
-Léxico: o territorio e a natureza (a toponimia, a aldea e a cidade, países e habitantes (os xentilicios); o clima, o campo, a montaña e o mar, as árbores e as plantas, os animais vertebrados e invertebrados, etc.).
-Formación de palabras: derivación e composición.
-Polisemia e homonimia.
-Identificación de voces patrimoniais e de cultismos.

Literatura

-Características fundamentais dos períodos da literatura galega que se estudian neste curso.
-A lírica medieval: recoñecemento de diferentes tipos de cantigas.
-A decadencia e o rexurdimento da literatura galega: Rosalía de Castro, Curros e Pondal.
-Lectura e comentario de textos dos autores estudiados neste curso.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

A partir da avaliación inicial do alumnado, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso. Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluirá os seguintes apartados:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Aínda que no momento da elaboración desta PD non se coñece a natureza dos alumnos e alumnas que cursarán esta materia, e aínda pendentes da avaliación inicial, logo de analizar os informes do centro de procedencia e da información facilitada polo/a orientador/a, espérase contar cun alumno con TDAH ao que se lle vai aplicar o Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario que se concreta nas seguintes actuacións:

O alumno con TDAH debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, se for posible, na que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes. Estará sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Contará cunha axenda que o axudará na súa organización. Evitarase a proximidade a portas, xanelas, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como estímulos sonoros ou visuais.

Implementaranse outras medidas como:

-Alternar actividades teóricas con traballo práctico.

-Antes de empezar unha actividade, explicarase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurarase de que a entendeu todo o alumnado.

-Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.

-Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.

-Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.

-Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

-Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.

-Propor exercicios variados.

-Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira para que o axude a comprender e a realizar as tarefas; o que á súa vez contribuirá a potenciar a súa zona de desenvolvemento próximo, segundo a teoría de Vygotsky.

-Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas etc.)

En canto ás tarefas ou deberes que se lle proporán terase presente o seguinte:

-Reducir e fragmentar as actividades.

-Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.

-Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

-Non sobrecargar de tarefas para a casa, cómpre que o profesorado do curso se coordine e seleccione aquelas que se consideren máis importantes.

En canto ás probas escritas e, co fin de as mellorar, será necesario:

-Fixar as datas dos exames con suficiente antelación.

-Traballar con mostras de formato de exames. Serve de gran axuda para todos poder adestrarse con exercicios e formatos tipo do que van atopar no día sinalado.

-Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.

-Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. En ningún caso se formularán preguntas que poidan resultar ambiguas ou que teñan unha dobre interpretación.

-Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.

-Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).

-Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oralmente ou utilizando o computador).

-Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos, inclusive dividilos en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.

-Presentar escrito o texto dos exames, salientando en letra negra as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa. Na media do posible, utilizar un tipo de letra de maior tamaño.

-Deixar suficiente espazo entre as preguntas (dobre espazo e, preferiblemente, un exercicio por páxina), e supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame.

-Posibilitar que o alumnado poida recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.

-Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

-Supervisar que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Programas específicos e personalizados para o alumnado repetidor

Aínda que habitualmente o alumnado repetidor ten unha madureza e independencia maior có alumnado non repetidor, precisa moitas veces apoio e reforzo. Deste modo o departamento, e en particular o profesorado que desenvolve a docencia nos grupos que presentan esta tipoloxía, procurarán proporcionar os materiais de reforzo e ampliación que o alumnado precise; atendendo sempre ás necesidades educativas particulares en relación á consecución dos obxectivos da etapa.

Alumnado con necesidades específicas

A diversidade manifestarase en tres ámbitos interrelacionados: na capacidade de aprender, na motivación e nos intereses. Atoparemos alumnos que manifesten dificultades para aprender e outros que progresan con maior rapidez cós seus compañeiros e que, de igual maneira, necesitan unha especial atención educativa. Entre este grupo, temos que incluír o alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou doutros países. A atención á diversidade abordarase a través de exercicios complementarios de análise de textos e competencia lingüística de maior ou menor grao de dificultade. A posibilidade de elaborar traballos de investigación e compilación de información, de escribir textos de diferentes xéneros e tipoloxías e de facer outras lecturas distintas ás obrigatorias, contribuirá á atención individualizada que cada alumno necesite, potenciando as súas preferencias e corrixindo as súas eivas.

Nalgún caso, a atención que precisa algún alumno require unha maior concreción e individualización. De atoparmos casos onde as medidas cualificadas como Reforzo Educativo, incluso dentro da aula coa profesora de Pedagoxía Terapéutica, non sexan suficientes, adoptaremos a medida da Adaptación Curricular. Trátase de casos onde, axudados e guiados polo Departamento de Orientación, modificamos dende obxectivos ata criterios de avaliación para achegarnos o máximo posible ás necesidades do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X			X		
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial								
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Educación emocional e en valores	X							
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	X			X		

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	X

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 3º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais: - A comprensión lectora Traballarase en todas as unidades, pois o alumnado achegarase a diferentes textos en cada unha delas, comprendéndoos, analizándoos e recoñecendo as súas características. - A expresión oral e escrita En cada unidade traballarase a expresión oral, pois é unha das necesidades do noso alumnado; e tamén se incidirá no traballo escrito, para mellorar as capacidades do alumnado. - A comunicación audiovisual Nas unidades finais de cada avaliación (3, 6 e 9), o alumnado traballará con diferentes soportes audiovisuais para presentar os seus traballos. - A competencia dixital Será de traballo común en todas as unidades, pois será necesaria para cada unha das tarefas que se propoñan diariamente, tanto, na busca en recursos web, como no uso da aula virtual do curso. - O emprendemento social e empresarial Neste caso, o alumnado participará na programación e elaboración de diferentes actos promovidos para a celebración das Letras Galegas deste ano - A fomento do espírito crítico e científico Traballarase en todas as unidades, pois será promovida en cada sesión polo profesorado da materia, promovendo o debate activo e a participación consensuada. - A educación emocional e en valores Tentarase concienciar o alumnado na educación en valores, incidindo na educación emocional como resposta as violencias e inseguridades. - A igualdade de xénero Traballarase especialmente nas unidades 2 e 4; coincidindo coas datas de 25 N, 8 de marzo; mais será un elemento que atarvesará todas as unidades desta programación, pois o profesorado favorecerá a reflexión en igualdade en calquera dos contidos literarios das unidades. - A creatividade Fomentarase especialmente nas unidades finais de cada avaliación 3, 6 e 9, o alumnado traballará con diferentes soportes audiovisuais.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Concurso de Microrrelatos Samaín	Realización dun Concurso de microrrelatos
Obradoiros de Regueifa	Dous obradoiros de regueifa impartidos por un docente da Asociación ORAL
Certame Provincial de Regueifas (Valadares)	Saída do centro para participar no Certame Provincial de Regueifas (Valadares)
Charla de autor	Charla de Carlos Callón sobre o tema dos prexuízos - gravación programa e entrevista
Gravación de podcast	Traballo colaborativo para participar no concurso de podcasts "O Vello dos Contos"
Concurso de coplas do Entroido	Concurso de coplas do Entroido

Observacións:
- No primeiro trimestre o o alumnado realizará dous obradoiros de regueifa impartidos por un docente da Asociación ORAL e realizará unha saída ao Certame Provincial de Regueifas (Valadares), que será parte do traballo de campo que realizarán na 1ª avaliación que leva o nome de «Cantigas de Tradición Oral».

- No segundo trimestre teremos a visita de Carlos Callón, que nos falará de prexuízos e do Libro Negro da Lingua Galega; para a que terán que preparar unha entrevista e un programa audiovisual.

- Na terceira avaliación, o alumnado terá que realizar e gravar un podcast radiofónico nun traballo colaborativo, para participar no concurso de podcasts "O Vello dos Contos"

Ademais, estendemos esta listaxe (que sempre será flexiva e revisable) das actividades programadas:

Samaín e Magosto celebración da festa tradicional con lecturas de terror, calacús, exposición, cartelería, etc.
Contra a violencia contra a muller (20 novembro): facer cartelería, programas de radio, exposicións, etc.
Nadal: coñecemento do Nadal galego.
Día de Rosalía, programa de radio, recitados de poesía e narrativa, charlas, actuacións, etc.
Entroido, concurso de coplas do Entroido, coñecemento dos Entroido galego, máscaras de entroido, etc.
8 de marzo, programa de radio, charlas, cooperación co grupo de igualdade do centro.
Semana do libro, charlas de autores do club de lectura, lecturas conxuntas, programa de radio, etc.
Semana das letras, programa de radio, exposicións sobre o homenaxeado Francisco F. Del Riego, actuacións, charlas, cartelería, etc.
Ponte nas ondas: o instituto participará neste concurso sobre imaxes do patrimonio
Programas variados de radio na emisora escolar.
Esta listaxe será flexiva, poderá ser ampliada dependo das circunstancias deste curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Adecuo o nivel de dificultade ás características dos alumnos
2. Emprego as TIC no proceso de ensino-aprendizaxe

3. Utilizo estratexias metodolóxicas diferentes en función da actividade
4. Promovo a participación e o diálogo
5. Elaboro actividades atendendo á diversidade
6. Poño en práctica as medidas programadas para os alumnos con NEAE
7. Teño presentes os elementos transversais dentro de cada UD
8. Utilizo os diferentes instrumentos de avaliación programados
9. Combino o traballo individual co cooperativo
10. Ofrezo a cada alumno/a as explicacións individuais que precisa
11. Potencio a lectura no alumnado
12. Potencio o uso das TIC no alumnado
13. Potencio estratexias que promovan a expresión oral do alumnado
14. Ofrezo explicacións claras e ordenadas dos contidos da materia
15. Corrixo con rapidez as probas de avaliación
16. Analizo xunto co alumnado os resultados das probas de avaliación
17. Ofrezo espazos de diálogo e suxerencias do alumnado respecto a miña labor docente
18. Avalío a eficacia das tarefas de reforzo, ampliación
19. Consigo crear un ambiente de motivación e curiosidade

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.
-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.
-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.
-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.
-Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluiranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

Especificamente, os procedementos para avaliar periodicamente a programación de Lingua Galega e Literatura deste curso 2022-2023 serán de dous tipos:

1. Unha avaliación de progreso:

Haberá que ir vendo o axuste de obxectivos, contidos, estratexias metodolóxicas, criterios de avaliación, procedementos e actividades axustados á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro. Valorarase tal axuste nas reunións de departamento e nas avaliacións e, se resulta pouco axeitado, haberán de modificarse durante o percorrer do curso. Os intercambios orais como entrevistas cos alumnos e cos pais, a observación externa e os resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos serán algúns dos procedementos e instrumentos existentes para avaliar o proceso de ensino. A evolución da pandemia tamén será determinante no devandito axuste.

2. Unha avaliación final:

Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnos que, na súa avaliación final, queden coa materia suspensa. Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso para a elaboración da programación do próximo curso.

9. Outros apartados